


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

29-30 de abril do 2023

IV SEMANA DO TEMPO DA PASCUA



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 1 A Cristo cantamos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Aquí estamos porque cada oito días, con toda a Igrexa reunímonos para festexar a Pascua do Señor.

Hoxe, Xesús, o Bo Pastor, pon diante de nós un estilo novo e diferente de acompañar e compartir nas nosas comunidades cristiás. Un estilo que nos fala de participación, de responsabilidades compartidas, de acompañamento, confianza, diálogo...

Que esta celebración nos axude a poñernos en disposición de escoitar a voz do verdadeiro Pastor, do que veu para que teñamos vida en abundancia.

Con Cristo feito Pascua á nosa beira e deixándonos encamiñar por el, cantámoslle

🎵 *nº 1 A Cristo cantamos*

ACOLLIDA DA AUGA

Celebrante: Fixemos memoria do noso bautismo na celebración da vixilia pascual. Alí compartíamos a auga de toda a comunidade dos Cotos, e agora aquí ante esta auga de vida que nos une en parroquia, queremos lembrar os compromisos, queremos sentirnos confiados en Deus, queremos escoitar e seguir a Cristo Bo Pastor, queremos agradecer a vida coa que Deus nos agasalla.

🎵 n° 2 *Ide e pregoade*

Celebrante: *Damos grazas dicindo:*

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

Monitor/a

- * Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeches renacer á vida do evanxeo
- * Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes
- * Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa polo alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo agradecidos por poder compartir a Pascua.*

(Silenzo)

Celebrante: Deus de misericordia, guíanos á asemblea do ceo; que a pesares das nosas debilidades e da xordeira á túa Palabra, o teu pobo chegue aos pastos verdecentes da eternidade, onde nos agarda Cristo, o Bo Pastor, que Resucitado vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Imos escoitar a Pedro falándolle aos veciños de Xerusalén, e imos escoitalo falándonos a nós. El quere contar a experiencia do vivido con Cristo, quere contar que o crucificado é a quen Deus fixo Señor e Mesías.*

No evanxeo, Xesús móstrasenos hoxe coma o BO PASTOR que dá a súa vida polo seu rabaño e o fai porque lle importa. Sabémolo porque a súa vida e a súa palabra son cribles. Escoitemos.

Leccionario I-A páx 151 Feit 2, 14a. 36-41 LECTURA

LECTURA DO LIBROS DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

O día de Pentecoste, Pedro, de pé cos Once, levantou a voz e dixo:

- Saiba con certeza toda a casa de Israel que Deus fixo Señor e Mesías a este Xesús a quen vós crucificastes.

Ao sentiren isto, quedaron moi impresionados e dixéronlle a Pedro e aos outros apóstolos:

- Irmáns, que debemos facer?

Pedro respondeulles:

- Arrepentídevos e cambiade, que cada un de vós se faga bautizar no nome de Xesús para o perdón dos seus pecados, e recibiredes o don do Espírito Santo. Porque a promesa é para vós e máis para os vosos fillos e para todos os que están lonxe, tantos como queira chamar o Señor noso Deus.


Con moitas outras palabras testificaba e animábaos, dicindo:

- Salvádevos desta xeración ruín.

Os que recibiron a súa palabra foron bautizados: e ese mesmo día xuntáronselles arredor de tres mil almas.

Palabra do Señor

🎵 *nº 8 No colo da miña nai* SALMO



(en pé) *Leccionario I A páx 153 Xn 10, 1-10 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela dixo Xesús:

- Con toda verdade volo aseguro: o que non entra pola porta no curral das ovellas, senón que sobe por outra parte, é un ladrón e un bandido. En cambio, quen entra pola porta é o pastor das ovellas. A ese ábrelle o porteiro, e as ovellas escoitan a súa voz. Chama as súas polo nome e lévaas a fóra. Cando as dá sacado todas, vai diante delas e as ovellas ségueno, pois recoñecen a súa voz. Pero a un alleo non o seguirán, senón que fuxirán del, pois non coñecen a voz dos alleos.

Díxolles Xesús esta alegoría mais eles non coñeceron que era o que lles daba a entender. Entón díxolles de novo:

- Con toda verdade volo aseguro: eu son a porta das ovellas. Todos os que viñeron antes ca min eran ladróns e bandidos; pero as ovellas non os escoitaron. Eu son a porta; se alguén entra por min, salvarase: entrará e sairá e atopará pasto. O ladrón non entra senón para roubar, matar e estragar. Eu vin para que teñan vida e para que a teñan de abondo.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

UNHAS PALABRAS DE REFLEXIÓN

Hoxe, atopámonos con que Xesús é o noso Bo Pastor. El fálanos, El coñécenos, El danos vida eterna, El cóidanos; e nós escoitamos a súa voz e seguímolos.

Seguindo a celebrar a Pascua con Xesús, non estamos sos. Formamos parte da gran comunidade dos seguidores do Evanxeo, e Cristo Resucitado está connosco guiándonos, como o Pastor o seu rabaño.

Dun pastor coma Xesús podemos fiarnos porque as súas palabras veñen abaladas polos seus feitos. Non é un pastor calquera, é o que está disposto a dar a vida polo rabaño.

Dun rabaño do que todos formamos parte. Non somos uns calquera, somos homes e mulleres crentes que xuntos facemos comunidade. Non somos individuos, somos rabaño, somos familia, somos igrexa, somos Os Cotos.



RENUNCIAMOS AO MAL

Celebrante Neste tempo da Pascua, deixándonos alumar pola luz da fe que recibimos no bautismo, renovamos os nosos compromisos na loita contra o mal.



Monitor/a

- **Renunciades a crervos superiores aos outros; isto é: a calquera clase de abuso, discriminación, orgullo, egoísmo e desprezo?**

Si, renunciemos

- **Renunciades a calar diante das inxustizas e as necesidades das persoas e dos pobos, por covardía, preguiza, comodidade e vantaxes persoais?**

Si, renunciemos

- **Renunciades aos criterios e comportamentos que fan do diñeiro a aspiración máis grande da vida, que poñen o pracer por enriba de todo, e que aprecian a liberdade persoal por enriba da responsabilidade social?**

Si, renunciemos

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste tempo da Pascua, deixándonos quecer á beira do RESUCITADO compartimos o credo dicindo
SI CREEMOS

Monitor/a:

Credes en Deus,

Pai e Nai de todos os homes e mulleres,
que nos agarima nas súas mans
e nos acolle no seu corazón?

SI CREEMOS

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido,
sempre atento para dar unha man,
e que nos quere vivos
e dando vida á Pascua?

SI CREEMOS

Credes no Espírito de Deus,
que nos alenta esperanza para soñar irmandade,
que nos alenta forza para escandalizarnos ante a guerra,
que nos alenta paz para sementala por toda a Terra?.

SI CREEMOS

Credes na Igrexa,

unha Igrexa que se fai crible en comunidade,
acolledora, respectuosa e coidadora da terra
e de todos os homes e mulleres
que na vida se sinten inxustamente tratados?

SI CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Irmáns e irmás, invoquemos agora a misericordia de Deus que nos convoca a escoitar e seguir ao Bo Pastor; oremos dicindo

SEÑOR DA VIDA, ESCOITA A NOSA ORACIÓN

Monitor/a:

✓ Señor, querendo facer igrexa, pedímosche que a exemplo do Bo Pastor sexamos capaces de medrar en diálogo, tolerancia e respecto. Oremos

✓ Señor, querendo facer comunidade, pedímosche con todos os homes e mulleres que á imaxe do Bo Pastor, son exemplo de igualdade e dignidade. Oremos

✓ Señor, querendo facer pobo, pedímosche polo noso pastor o Papa Francisco, para que nos siga guiando no camiño de facer evanxeo. Oremos

✓ Señor, querendo facernos cribles, pedímosche por nós, porque ti convídasnos a ser acolledores, abrindo portas, e tendendo pontes. Oremos

✓ Señor, querendo facernos Pascua, pedímosche por todas as persoas que, sexa onde sexa, non poden vivir en paz. Oremos

Celebrante: Señor, Ti es o noso Bo Pastor. Que saibamos escoitar a túa PALABRA e recoñecerte na nosa comunidade celebrando a fe. Pedímoscho a Ti que vives e reinas Resucitado por sempre eternamente. Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Temos escoitado a Cristo, o noso Bo Pastor, por iso guiados por el rezamos a Deus Pai como nos ensinou:

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: “PAZ CONVOSCO”; as palabras do resucitado volven ser pronunciadas hoxe na nosa comunidade. Fagamos honor ao noso nome de cristiáns; aollamos a paz e deamos exemplo dela no fogar, na familia, na parroquia. Sexamos hoxe e sempre homes e mulleres de paz, fagámonos rabaño na igualdade.

COMUÑÓN

Celebrante: Pola man dos apóstolos facíanse moitos signos e aquela primeira comunidade botaba a andar. Nós compartimos unha mesa en comunidade como signo dunha vida toda ela compartida, no que temos, no que somos, no que amamos, no que vale a pena. Ditosos nós convidados a esta festa da Pascua do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 9 Acharte presente na vida**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, que o pan que temos compartido, signo da mesa eterna que nos preparas, nos enforzeza para guiar os nosos pasos polos camiños do teu reino.

Pedímoscho por Cristo, Bo Pastor, que vive e reina Resucitado por sempre eternamente. Amén.

Hoxe queremos sentirnos comunidade de Xesús, queremos seguilo dando bo exemplo na igualdade.

Escoitando a súa voz atopamos o vieiro axeitado para non calar abusos e violencias, veñan de onde veñan, berrando alto e claro a prol da paz.

Vivamos a ledicia da Pascua sentíndonos parte da gran igrexa de Xesús tal como El a quere coa participación de todos dende a responsabilidade de cada un de nós.

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa PASCUA e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén

Podémonos ir en paz